

REGULAMENTO DE USO DO BANCO DE LIBROS DA ANPA DO IES CASTRO ALOBRE

1. Obxectivo do banco de libros.

1.1. O obxectivo do banco de libros é o de facilitar a reutilización dos libros de texto de ESO e bacharelato entre as familias asociadas á ANPA.

1.2. O banco de libros non funciona como un sistema de intercambio. Os libros son cedidos polas familias e pasan a ser propiedade da ANPA quen, cun criterio solidario, distribúeos equitativamente entre os beneficiarios segundo as existencias dispoñibles por curso.

1.3. O banco de libros prestará atención especial a aqueles casos de alumnos con dificultades para acceder aos textos. Tales casos serán atendidos unicamente a requirimento dos profesores, a dirección do centro ou dos servizos sociais.

2. Beneficiarios do banco de libros.

2.1. Para ser beneficiario do banco de libros é necesario ser socio da ANPA cunha antigüidade mínima de un ano, estar ao día no pago das cotas correspondentes e ter aportado ao banco os libros do curso anterior.

2.2. Os pais dos alumnos que se matriculen por primeira vez en 1º da ESO, así como os dos que se matriculen por primeira vez no centro procedentes de outros, independentemente do curso en que se matriculen, deberán aboar, ademais da cota anual da ANPA, un suplemento compensatorio pola non achega de libros. Este suplemento tamén deberá ser aboado polos socios que causen baixa durante un ano.

2.3. Os alumnos aos que se refire o apartado anterior quedarán exentos do pago do suplemento compensatorio sempre que doen como mínimo un libro por alumno, en vigor no curso entrante e en condicións de uso para o banco.

2.4. Os pagos deberán ser aboados, mediante transferencia bancaria ao número de conta especificado pola ANPA antes da data que sexa establecida. Na transferencia farase constar nome e apelidos do asociado, o nome e apelidos do ou dos alumnos beneficiarios e o curso no que se matricula cada alumno.

3. Recollida de libros.

3.1. Organizaranse quendas de recollida de libros nas datas de matriculación establecidas polo centro.

3.2. Deberán entregarse como mínimo todos os libros recibidos do banco no curso anterior. No caso de perda ou deterioro doloso dalgún libro, esixirase a achega dun libro en vigor e en perfecto estado de uso ou o aboamento do importe do mesmo. Quen non o faga quedará excluído do banco de libros mentres non se emende a situación.

3.3. Aqueles usuarios dos que se probe a súa participación en calquera sistema de compra-venda ou intercambio de libros alleo ao propio banco da ANPA, quedarán excluídos do reparto de libros sin que isto supoña a devolución das cotas aboadas.

3.4. Quen non devolva os libros do curso anterior ou non aboe as sancións correspondentes por perda ou deterioro, quedará excluído do banco de libros. Esta circunstancia non suporá a devolución das cotas aboadas.

3.5. Os alumnos que repitan curso deberán igualmente devolver todos os libros recibidos no curso anterior, incorporándose ao novo reparto si cumpren o resto de requisitos.

4. Reparto de libros.

4.1. Estableceranse quendas para o reparto dos libros.

4.2. Todos os alumnos dun mesmo curso deberán recibir o mesmo número de libros. Aqueles casos especiais aos que se refire o apartado 1.3. quedarán á marxe desta norma, podendo recibir os libros que sexa necesario.

4.3. Na primeira quenda repartiranse os libros en stock, en función das propias existencias da ANPA e do número de beneficiarios de cada curso.

4.4. Para os alumnos que non acaden o mínimo de libros establecido para cada curso na primeira quenda, ben por falla de existencias ou por outras circunstancias, habilitarase unha segunda quenda de reparto, unha vez que a ANPA repoña os textos que se precisen.